

# BARRY LYNDON

Stanley Kubrick, 1975

# 1321

ESTREA EN NUMAX: 01.07.2024 | V.O.S.E. | 183 min

Adaptación dunha novela do escritor inglés William Tackeray. Barry Lyndon, un mozo irlandés ambicioso e sen escrúpulos, vese obrigado a emigrar a causa dun duelo. Leva a partir de entón unha vida errante e chea de aventuras. Porén, o seu soño é acadar unha elevada posición social e faino realidade ao contraer un proveitoso matrimonio, grazas ao cal entra a formar parte da nobreza inglesa do século XVIII.

«Tecnicamente abraiante,  
emocionalmente distante, despiadada nas  
súas dúbidas sobre a bondade humana»

Roger Ebert



## Entrevista con Stanley Kubrick: «En canto lin a novela de Thackeray sentín unha grande emoción»

Por Michel Ciment

**Apenas deches entrevistas sobre *Barry Lyndon*. É algo concreto por causa do filme ou en xeral es reacio a falar sobre o teu traballo?** Supoño que a miña excusa é que o filme estivo listo só unhas semanas antes da súa estrea e tiveron menos tempo para dar entrevistas. Pero se son honesto pode que se deba máis a que non me gusta dar entrevistas. É habitual que te citen mal ou, o que é peor, que te citen ben e teñas que ver impreso o que dixeches.

**Sentes que *Barry Lyndon* é o teu filme máis secreto, sobre o que é máis difícil falar?** Non especialmente, sempre me resultou difícil falar dos meus filmes. Só consigo falar sobre a historia de fondo ou algúns feitos asociados a ela. Desesa maneira consigo responder a preguntas sobre que significado ten un filme ou por que fixen tal ou cal escena. Por exemplo, con *Teléfono vermello? Voamos cara a Moscova* (1964) podía afondar nas posibilidades naquela altura de que estoupase unha guerra de maneira accidental. Con *2001: Unha odisea no espazo* (1968) puiden especular sobre as computadores ultraintelixentes, a vida no espazo exterior e outras ideas de ciencia ficción. *A laranxa mecánica* (1971) daba para falar de lei e orde, violencia criminal e abuso de autoridade. É certo que *Barry Lyndon* non ten esta relación directa coa actualidade, polo que pode que sexa máis difícil dar entrevistas.

**Os teus tres filmes anteriores estaban ambientados no futuro. Que te levou a facer un filme histórico?** Honestamente non podo dicir o que me leva a facer os meus filmes. O máis que podo dicir é que namoro das historias que conto. Ir alén disto é como tentar explicar por que namorei da miña muller: é intelixente, ten uns fermosos ollos marróns... Realmente dis algo con isto? Agora que estou no proceso de emprender un novo filme doume de conta da incontrolable tarefa que é atopar unha historia e canto hai de azar e de decisións espontáneas.

**Dado que vostede é completamente libre á hora de elixir os materiais dos seus filmes, como chegou un libro do século XIX case esquecido e apenas reeditado ás súas mans?** Tiven unha colección completa de William Thackeray nos andeis da miña casa durante anos e lin varias das súas novelas antes de poñerme con "*Barry Lyndon*". Houbo un tempo en que "*Vanity Fair*" me interesou como posible filme pero logo decateime de que era imposible de comprimir na duración relativamente curta dunha longametraxe. En canto lin "*Barry Lyndon*" sentín unha grande emoción. Encantoume a historia e os personaxes e parecía posible emprender a transición da novela ao filme sen destruír a historia no proceso. Tamén ofreceu a posibilidade de acometer algo que o cinema fai mellor que calquera outra arte: presentar temas históricos. A descrición non é unha das cousas que mellor fai a literatura. En cambio os filmes poden facelo sen apenas esforzo, se nos referimos ao esforzo que ten que facer o público.

**Por que optaches por unha voz en off en terceira persoa en lugar da primeira que emprega o libro?** Coido que Thackeray empregou a Redmond Barry para contar a súa propia historia dunha maneira deliberadamente distorsionada para facela así máis interesante. En lugar do autor omnisciente, Thackeray empregou o observador imperfecto, ou mesmo o observador deshonesto, permitindo así ao espectador xulgar a probable verdade sobre a vida de Redmond Barry. Esta técnica funciona na novela pero no cinema tes a realidade diante de ti todo o tempo, polo que o efecto do narrador en primeira persoa non era posible. Podería funcionar como comedia coa xustaposición da versión de Barry coa realidade da pantalla, pero eu non quería facer unha comedia.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/libreria](http://numax.org/libreria)

*La suerte de Barry Lyndon,*  
William A. Thackeray  
Cátedra